


LETRAS GALEGAS 2022

Naceu na aldea de Córghomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903.



LETRAS GALEGAS 2022

Era o menor de cinco irmáns.

Os seus primeiros anos de vida pasounos en Córsgomo ata que aos seis anos seu pai foi destinado, como profesor á cidade de Ourense.


Nesta cidade estudou primaria na casa coa axuda de profesorado particular.



LETRAS GALEGAS 2022

Catro anos despois, o seu pai vai a un novo destino docente, esta vez a Palencia.

Rematou os estudos de primaria e comezou os de bacharelato no instituto desta mesma localidade.



LETRAS GALEGAS 2022

O pai cambia de novo de destino e con el toda a familia, esta vez a Valladolid, onde rematará o bacharelato, cursará a carreira de Dereito e fará o servizo militar obrigatorio.



LETRAS GALEGAS 2022

En Valladolid comezou a súa formación política ao descubrir un exemplar do xornal "A Nosa Terra" no que se difundía o ideario das Irmandades da Fala.


Descubriu que Galicia tiña bandeira, himno e publicacións espalladoras das ideas galeguistas.



LETRAS GALEGAS 2022

Co título de avogado na man, aos 25 anos, regresou a Valdeorras como pasante dun bufete de avogados no Barco.

Integrouse rapidamente na vida social e política do Barco, chegando a formar varias asociacións, «La Tertulia» e o «Liceo Recreativo», así como algunha compañía de teatro e un grupo de canto.



LETRAS GALEGAS 2022

En 1930 constitúese a Irmandade Galeguista Valdeorresa, na que é elixido vogal por Córdomo e, en 1933, ingresa como militante no Partido Galeguista, acompañando a Otero Pedrayo e a Alexandre Bóveda.



PARTIDO
GALEGUISTA



LETRAS GALEGAS 2022

Nesta década comezan as súas colaboracións poéticas no xornal ourensán Heraldo de Galicia e A Nosa Terra e, e en 1934, publica o seu primeiro libro de poemas *Bedeira*.

En *Bedeira* aparecen poemas dedicados á súa terra, nos que nos fala da natureza, das vides e de todo o mundo que arrodea ao viño.



LETRAS GALEGAS 2022

O comezo da Guerra Civil, o 18 de xullo de 1936, pillouno en Valdeorras que, ao comprobar a represión exercida polos golpistas, decide agocharse nas montañas que arrodean a vila.

O seu irmán maior, Lucio, decide botarlle unha man e planifican a súa fuxida cara a Francia.

A principios do ano 1938 incorpórase en Barcelona ao exército republicano, no que chega a ser tenente do Servizo de Información. E entra na executiva do Partido Galeguista, do que sería nomeado Secretario de Propaganda.



LETRAS GALEGAS 2022

Cando a derrota do exército republicano era inminente, encárgaselle organizar a saída dos exiliados cara a América Latina e en xuño dese mesmo ano inicia o seu exilio.

A travesía vai ser complicada. Case despois dun mes de accidentada navegación chegan, o 7 de xullo, ao porto de Veracruz onde son recibidos con mostras de solidariedade por sindicatos e partidos progresistas.




LETRAS GALEGAS 2022

Consegue entrar a traballar no Servizo de Evacuación de Refuxiados Españois, o SERE, un organismo encargado de atender os exiliados republicanos.

Neste traballo só estivo durante seis meses.


Trasladouse posteriormente á capital mexicana cun novo traballo: vendedor de fertilizantes, actividade que lle permitiu viaxar por todo o país.



LETRAS GALEGAS 2022

Ingresou na «Alianza Nazonal Galega», unha mestura de socialistas, comunistas, galeguistas e republicanos e comezou unha intensa actividade cultural coa súa participación nas revistas Saudades e Vieiros e na creación do «Ateneo de Galicia en México».

Alí casa e ten cinco fillos.



LETRAS GALEGAS 2022

Ese mesmo ano participa na redacción, como representante do Partido Galeguista, dun pacto baixo o nome de Galeuzca que será asinado por representantes autonomistas cataláns, vascos e galegos e que reclamaban, entre outras cousas a defensa das tres nacións e o restablecemento da república.

Outra iniciativa política na que participa, é na fundación do "Padroado da Cultura Galega" en México e patrocina a emisión radiofónica "A hora de Galicia".



LETRAS GALEGAS 2022

Despois de trinta anos de exilio mexicano decide volver de novo a Galicia e así, no verán de 1968, inicia a súa viaxe coa idea de establecerse nas terras de Valdeorras.

É nomeado Membro de Honra do Instituto de Estudos Valdeorreses.

Tamén a Real Academia Galega, nun acto celebrado no Casino do Barco, nomeouno académico correspondente.

